



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## DECRETO 075/2007

### CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	<b>ORDINARIA</b>
Data da Sesión:.....	<b>7 de xullo de 2007</b>
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	<b>10:30 horas</b>
<i>(media hora máis tarde en segunda convocatoria)</i>	

### ORDE DO DÍA

#### *Parte substantiva*

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDIENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 29 DE XUÑO DE 2007.**

#### *Control da xestión municipal*

- 2. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (28/2007 a 33/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (26/2007 a 72/2007).**
- 3. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 29 DE MARZO ATA O 14 DE XUÑO DE 2007.**
- 4. ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En Mesía, a 4 de xullo de dous mil sete.

O ALCALDE

Ante min A SECRETARIA - ACCIDENTAL

D. Mariano Iglesias Castro.

D<sup>a</sup> Carmen Blanco Villares



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE XULLO DE 2007.

### ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

### CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

### AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez. PP

### SECRETARIA - ACCIDENTAL:

D<sup>a</sup> Carmen Blanco Villares.

*(Non xustifican a súa ausencia.)*

En Mesía, a 7 de xullo de 2007, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratar os seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2007.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde explicando que a convocatoria responde a necesidade de dar cumprimento á periodicidade das sesións acordada na sesión organizativa e como este é o primeiro sábado posterior o segundo trimestre natural, procédese a levar a cabo a sesión ordinaria que corresponde.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do 29 de xuño de 2007. Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

A continuación o Sr. Alcalde comunica ós Srs. Concelleiros que na convocatoria da sesión plenaria omitiuse por erro o punto relativo á toma de posesión de D. Ciriaco Varela Rotger, concelleiro do Partido Popular que aínda non xurou ou prometeu o seu cargo polo que por lei deberíase ter incluído o citado punto na orde do día, pero visto que non acudiu retrasarase unha vez mais a súa toma de posesión para o próximo pleno.

## **2. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (28/2007 a 33/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (26/2007 a 72/2007).**

Comeza o Sr. Alcalde explicando que se trata das resolucións e decretos adoptados no segundo trimestre do ano dándolle a palabra os portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, portavoz do grupo municipal do BNG, pedindo unha aclaración con respecto o Decreto nº 38/2007, no que se fala de aprobar inicialmente o proxecto do Plan especial de dotacións, na parcela nº 59, polígono 504, comenta que o decreto di que se atopa publicado nos xornais, pero non di de que se trata este proxecto polo que solicita que se lles explique en que consiste, a quen pertence a parcela e de que se trata.

Comenta o Sr. Alcalde que lle vai dar a palabra ó Sr. López Ares, que ditou o citado decreto porque nesa data era o Alcalde do Concello.

Intervén o Sr. López Ares, explicando que o Plan de dotacións obedece á necesidade de construción dun Centro de Día, utilizando para elo unha parcela que é de propiedade municipal, pero na cal se necesita facer un cambio de clasificación para cumprir á legalidade urbanística. Dita parcela atópase ubicada cerca da piscina, explicando que nestes intres utilízase como zona de acopio de material.

Toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín comentando que non vai facer ningunha pregunta xa que se trata de trámites realizados cando el non formaba parte da Corporación.

## **3. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 29 DE MARZO ATA O 14 DE XUÑO DE 2007.**

Novamente o Sr. Alcalde comenta que visto que os concelleiros teñen copia das actas obxecto do presente punto da orde do día daránselle as aclaracións que soliciten sobre as mesmas.

Intervén unicamente o Sr. Álvarez Monteserín facendo unha suxestión cara ó futuro, indicando que sería conveniente incluír nas mesas de contratación algún concelleiro da oposición, aclarando que se ben non ten dúbidas sobre a legalidade dos procesos, parécelle conveniente para a saúde democrática e a imaxe institucional do Concello.



## 4. ROGOS E PREGUNTAS.

Pásalle a palabra o Sr. Alcalde ó portavoz do grupo municipal do BNG o Sr. Pedreira Candal que fai dúas preguntas, primeiro con relación ás promesas electorais refírese ó Plan Xeral de Ordenación Municipal, instrumento básico para o desenvolvemento do Concello, quere saber si se ten pensado acometelo en breve prazo e si se van a iniciar os trámites para o seu desenrolo. Continúa o Sr. Pedreira Candal coa segunda pregunta relativa a instalación de farois, asfaltado de eiras e o reparto de camións de gravas que se levaron a cabo durante a campaña electoral, xa que non aparece en ningunha acta nin acordo a execución desas actuacións, queren saber en qué partida presupostaria se atopan os gastos derivados das mesmas e si houbo algún tipo de acordo ó respecto, finaliza preguntándolle ó Sr. Alcalde si se sente orgullo de levar a cabo este tipo de prácticas.

Toma a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, que pregunta polas torretas de telefonía que se van instalar en Boado xa que os veciños lle fixeron chegar as súas inquiredanzas polo que solicita información sobre o tema.

Intervén o Sr. López Ares, explicando que nesa parroquia, así como en Cabrui e parte de Bascoi se recibiron moitas queixas pola deficiente cobertura dos teléfonos móbiles polo fai mais dun ano se fixeron varias xestións chegando a un acordo para que se montaran as citadas torretas buscándolle a súa ubicación en masas comúns do Concello onde a súa instalación ampliaría a cobertura nun radio mais amplo, polo que comenta que se estraña que se recibiran queixas sobre a instalación destas torretas xa que a el o único que lle consta son as queixas recibidas polo falta de cobertura.

Aclara o Sr. Álvarez Monteserín que as preocupacións que lle fixeron chegar os veciños refírense a un tema de saúde pública.

Continúa o Sr. López Ares dicindo que este proxecto ten un estudio de seguridade e saúde, cumprindo distancias e toda a normativa de seguridade e saúde o que fixo que o proxecto se demorase un pouquiño no tempo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde respondendo ás preguntas do Sr. Pedreira Candal, en relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal, corrobora a afirmación do Sr. Pedreira ratificando que sí foi unha promesa electoral, explicando que seguindo coa coherencia que preside todos os actos que levan a cabo, teñen pensado acometer a súa redacción canto antes, antes de final de ano ou en todo caso cando se poida, puntualizando que se atopan de acordo coa necesidade de posuir este Plan.

Continúa respondendo á segunda pregunta do Sr. Pedreira, aclarando que a instalación de farois, asfaltados e zehorras responde a un criterio político de actuación determinado, puntualiza que os gastos están perfectamente asentados na partida que corresponde o que poderá comprobar cando se faga a Comisión anual de contas, solicita que lle especifique se coñece algún caso onde se producise algunha actuación con carácter discriminatorio, é dicir si algún veciño fixo algunha solicitude desta índole sendo necesario acometela e non se lle realizou, eso si que sería preocupante, pero cónstalle que eso non sucedeu.

Aclara o Sr. Pedreira Candal que o que preguntou é si se sentía orgullo de realizar estas actuacións quince días antes do día das eleccións.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Puntualiza o Sr. Alcalde que a política de levar a cabo estas instalacións foi continuada durante os catro anos anteriores ó proceso electoral.

Comenta o portavoz do grupo municipal do BNG, o Sr. Pedreira Candal, que sen embargo foron mais masivas durante ese quince días.

Contesta o Sr. Alcalde que se trata dunha casualidade.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dez horas e corenta e catro minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora accidental, certifico.